

BIBLIOTECA ESCOLAR

DESCRIPCIÓN E NORMAS DE USO

DESCRIPCIÓN: A nova biblioteca escolar consta de diversos espacios de uso: Sala de lectura e estudio, Sala de lectura informal, Sala de traballo en grupo, Mediateca, Posto dos bibliotecarios. Todos os espacios permanecerán abertos en horario lectivo nos periodos horarios que estean cubertos polos profesores encargados da biblioteca e atendendo ás normas de uso que se detallan máis adiante.

NORMAS DE USO:

1.- So se poderá acceder á biblioteca nos periodos que estean atendidos por un bibliotecario.

2.- A biblioteca é un lugar de consulta e estudio onde a norma principal é o silencio. Asimesmo non se poderá comer nin beber nela. Non se permitirá a estancia de alumnos sen o seu propio material de traballo ou lectura. Non observar estas normas elementais pode supoñer a perda do dereito de asistencia á biblioteca.

3.- Os préstamos faranse nos periodos de recreo. Os usuarios collerán dos andeis os libros e pasarán pola zona do encargado/a para que proceda a fichar o préstamo.

4.- O préstamo estará informatizado e requerirá a presentación do CARNET DE BIBLIOTECA.

5.- O periodo de préstamo será de 15 días naturais, contando o día no que se realiza o préstamo e máis o día da devolución. Para os libros de lectura obligatoria, o prazo será de sete días. Activaranse, de acordo co consello escolar, mecanismos de recuperación de fondos non devoltos ou devoltos con graves deterioros.

6.- Quedan excluidos do préstamo as enciclopedias, atlas e diccionarios, que serán de uso exclusivo nas salas, se ben o acceso a este materiais é libre como se fai constar na norma seguinte..

7. - Os usuarios poderán acceder libremente ós fondos da biblioteca. Se os utilizan nas dependencias desta deberán depositalos no mesmo sitio onde os colleron informando previamente ós bibliotecarios para que quede constancia dese depósito ou para que poidan resolver dúbidas sobre a ubicación dos fondos .

8.- Os profesores deberán solicitar ós bibliotecarios a reserva da aula de traballo en grupo, posto que se non hai reservas pódense realizar actividades impulsadas pola biblioteca.

9.- En ningún caso se utilizará ningún dos espacios da biblioteca como lugar de congregación de alumnos expulsados.

10.- Os bibliotecarios non son sustitutos dos profesores de garda, de tal xeito que, se algún profesor de garda quere enviar ós alumnos á biblioteca, deberá facerse responsable destes alumnos e permanecer na biblioteca con eles, sempre e cando a biblioteca non estea ocupada con outras actividades e obteñan o permiso do encargado/a.

11.- Para calquera uso ba biblioteca non contemplado nas normas anteriores deberá contarse coa autorización do bibliotecario.

12.- Estas normas son provisionais e están suxeitas a modificacións e melloras que, sen ningunha dúbida, virán dadas pola posta en marcha deste proxecto.

NOTA: As normas para o uso da mediateca consúltanse noutra guía.